

## **Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.**

**Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Fernando Pereira Caamaño do 06/07/1972**

**Colección:**

**Data:** 06/07/1972

**De:**

Luís Seoane;

**Para:**

Fernando Pereira Caamaño;

**Orixe:**

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

**Destino:**

Montevideo (local), Montevideo (departamental), Uruguai (nacional)

**Ficha descriptiva:**

[Carta mecanografada]

**Temáticas:**

Artes; Asuntos particulares; Literatura;

**Mencionados:**

Eladio Dieste; Xosé Luís Méndez Ferrín; Maruxa Seoane;

---

## **Transcrición da epistola de Luís Seoane, a Fernando Pereira Caamaño do 06/07/1972**

Buenos Aires, 6 de xulio de 1972

Sr. D. Fernando Pereira  
Montevideo

Querido amigo:

Acabo de recibir a súa carta de onte (5/VI) e confírmolle o meu fastidio por toda crase de táboas redondas. Négame decote a elas. Fago con moito gusto dibuxos ou escribo sobor determinadas cousas encol de Galicia, mais négame a falar e intervir en actos onde ten de improvisarse e as respostas son produto soio da necesidade de responder, pra non quedar mal, e non dun análise calmo. Mais por esta úneca

vez, acepto, sempre aclarando que non son orador e o digo porque é verdade que lles teño manía ós oradores. Que poña o tema Eladio Dieste. Pódese referir a arte galega si a el lle gusta o tema, ou ó arte popular, encol do ornamento en arquitectura, etc., ou a todo esto si lles parece.

O libro de Heriberto Bens quedou bastante ben. Gostaríame ter dos ou tres exemplares máis. Estarei ahí o sábado 29. Dependo para sere máis concreto das noticias súas.

Moitos saúdos pra súa dona e vostede de Maruxa e meus, e unha aperta de:

[Seoane]

---

Créditos do proxecto web

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.